

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	3º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	41
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	45
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	46
9. Outros apartados	46

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia así como na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación. A maiores, tamén teremos presente a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia así como a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria.

O CEIP de Quiroga enmárcase nunha zona rural do sur-leste da provincia de Lugo que abarca unha superficie de 324 km<sup>2</sup> e ten unha poboación aproximada de 3.328 habitantes, repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias son de carácter rural a excepción da de Quiroga na que está emplazada a capitalidade municipal e o centro escolar.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo. A desaparición do tecido industrial extractivo da lousa, a grave crise económica que se está a sufrir a nivel mundial xunto coa inflación que esta provoca, ocasionan que parte da poboación se atope en condicións salariais precarias ou careza delas. A estes datos debemos engadir que nos últimos anos a poboación do municipio viuse incrementada pola chegada de familias inmigrantes procedentes de países tan diversos como China, Cuba, Venezuela, Marrocos, Ucraína. Tamén é significativo o número de familias que regresaron ao municipio procedentes doutras comunidades autónomas e o feito de que hai unha numerosa poboación de etnia xitana asentada nun poboado a 2 km do centro escolar.

A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 148 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas. O centro conta don Departamento de Orientación (DO) compartido co CEIP de San Clodio ao que acudiremos para dar resposta ás necesidades do noso alumnado. Concretamente, prestaremos a nosa atención ao grupo glase de 3º de EP formado por 15 alumnos/as (9 nenos e 6 nenas) con idades comprendidas entre os oito e nove anos. Como característica singular destacaríase que é un grupo cunha gran diversidade polo que todos os aspectos que derivan dela serán tidos en conta a nivel metodolóxico. Todo isto sen perder de vista os programas nos que participa o centro como PROA +, INCLÚE, Contratos-programa e Plans Proxecta; sen esquecermos do PDI que levamos a cabo no centro: "Quiroga un territorio con moita historia".

Centrándonos na área de matemáticas, hai que destacar o carácter instrumental da área. Así pois, posúen un valor propio, constitúen un conxunto de ideas e formas de actuar que permiten coñecer e estruturar a realidade, analizala e obter información nova con conclusións que inicialmente non estaban explícitas. Deste xeito programamos 12 unidades didácticas nas que traballaremos de forma integrada o bloque I sentido numérico, bloque II sentido da medida, bloque III sentido espacial, bloque IV sentido algebraico e pensamento computacional, bloque V sentido estocástico e o bloque VI sentido socioemocional.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.		1-2-3	1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.		1-2-3	1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1	1-2-3	1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.		1-2-3	1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.		1-2-3	1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3	1-2-3	2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.		1-2-3	5		1-4-5		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	1-2-3	3		1-3	2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Una foto de familia	Números de tres y de cuatro cifras. Comparación. Números ordinales hasta el 20.º. Redondeos. Cálculo mental. Sumar y restar decenas. Sumar y restar centenas. Razonamiento y prueba. Buscar y establecer conexiones entre números. Resolución de problemas. Interpretar gráficos de barras.	10	12	X		
2	¡Todos a reciclar!	Sumas y restas. Aproximaciones. Estimaciones de sumas. Estimaciones de restas. Resolución de problemas. Representar datos en gráficos de barras.	10	12	X		
3	¿Vamos de excursión?	Tipos de rectas. Segmentos. Ángulos. Tipos de ángulos. Medida de ángulos. Simetría y translación. Interpretar gráficos lineales.	10	12	X		
4	Una tarde en casa.	Suma y multiplicación. Las tablas del 2 y del 5. Las tablas del 3, del 4 y del 6. Las tablas del 7, del 8 y del 9. Doble y triple. Multiplicaciones sin llevar. Representar datos en gráficos lineales.	10	12	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Una fiesta de cumpleaños.	Multiplicaciones llevando. Estimaciones de productos. Problemas de varias operaciones. La calculadora. Interpretar pictogramas.	10	12		X	
6	Un gran equipo.	Repartos y división. Cálculo de divisiones. División exacta y división entera. Mitad, tercio y cuarto. Trabajar con coordenadas en el plano.	10	12		X	
7	Un curso de cocina.	Divisiones con divisor de una cifra. Primera cifra del dividendo mayor o igual que el divisor. Primera cifra del dividendo menor que el divisor. Divisiones con ceros en el cociente. Problemas de dos o más operaciones. Instrucciones de movimientos.	10	10		X	
8	Visitamos un museo	Polígonos: elementos y clasificación. Clasificación de triángulos según sus lados. Clasificación de cuadriláteros. Perímetro de un polígono. Área de una figura con un cuadrado unidad. Circunferencia y círculo. Instrucciones de movimiento.	6	10		X	
9	¿Montamos en bici?	El centímetro y el metro. El milímetro. El kilómetro. Problemas con unidades de longitud. Otras instrucciones.	6	12			X
10	Una acampada muy divertida.	El kilo, el medio kilo y el cuarto de kilo. El gramo. Problemas con unidades de masa. El litro, el medio litro y el cuarto de litro. El mililitro. Problemas con unidades de capacidad. Explicar lo que se calcula.	6	12			X
11	¡Te invitamos a la fiesta!	El reloj de agujas. El reloj digital. Equivalencia entre horas y minutos. Monedas y billetes. Problemas con unidades de tiempo y dinero.	6	12			X
12	Una función de títeres.	Poliedros: prismas y pirámides. Clasificación de prismas y pirámides. Cuerpos redondos.	6	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Una foto de familia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Comprender e interpretar unha taboa gráfica con diferentes datos para a súa descomposición	PE	50
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar e resolver preguntas sinxelas sobre datos dun problema		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolve problemas seguindo un plan.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Descompoñer un número de dous xeitos diferente, utilizando a cifra posicional e as unidades		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar a mesma orde en contextos diversos		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Ordenar cantidades utilizando os símbolos adecuados		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ter unha actitude positiva ante retos matemáticos, amosando esforzo e valorando o erro como oportunidade de aprendizaxe	TI	50
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar de xeito oral os pasos seguidos para a descomposición dun número de tres, catro ou cinco cifras		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumen roles na resolución de problemas		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar á árbore xenealóxica da súa familia.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Resolver problemas de forma conxunta		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respectar a diversidade do grupo, establecendo relacións saudables na resolución pacífica de conflitos.		
CA6.1 - Identificar as emocións propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario e desenvolvendo a autoconfianza.	Solicitar axuda cando o precise		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a constancia		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Interpretar e resolver en equipo un sinxelo exercicio de interpretación dunha taboa de datos para a súa posterior descomposición e ordenación segundo un criterio dado		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar activamente no traballo en equipo, asumindo responsabilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto sistemático e adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais.</li> <li>- Composición, descomposición e recomposición manipulativa, gráfica e simbólica de números naturais ata 9 999 con investigación de propiedades e relacións, explicación do proceso e interpretación do valor posicional das cifras (unidades, decenas, centenas e milleiros).</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 9 999 e redondeo en problemas cotiás mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración</li> </ul>



## Contidos

- e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
- Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.
- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
- Relacións
  - Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9 999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.
  - Resolución de problemas cotiás que impliquen a comparación e ordenación de números cardinais ata o 9 999 e ordinais ata o 20º cun uso adecuado da simboloxía das relacións.
  - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiás.
- Magnitude
  - Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.
  - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
    - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
- Relacións e funcións
  - Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ( $=$ ,  $?$ ,  $>$ ,
  - A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Organización e análise de datos
- Crenzas, actitudes e emocións
  - Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
  - Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
    - Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
    - Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

UD	Título da UD	Duración
2	¡Todos a reciclar!	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Producir representacións matemáticas a través de esquemas ou diagramas que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Resolver un problema utilizando imaxes relacionadas con situacións da vida cotiá.	PE	65
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Comparar diferentes estratexia para resolver sumas e restas e a relación entre elas		
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Sumar aplicando a propiedade conmutativa /asociativa		
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar os datos dunha situación problemáticas en forma de operación		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Utilizar os algoritmos da suma e da resta para completar unha operación en vertical.		
CA5.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Interpretar as instrucións para resolver un problema sinxelo		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver con éxito un problema que implique a utilización de sumas/restas con levadas		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Invertar problemas que para a súa solución impliquen a utilización de sumas e/ou restas		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Aplicar as operacións de suma e resta con números naturais para resolver situacións problemáticas da vida cotiá.		
CA6.7 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Invertar problemas que para a súa solución impliquen a utilización de sumas e/ou restas		
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Representar os datos dunha situación problemática para facilitar a súa resolución.	TI	35
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema utilizando unha linguaxe matemática sinxela		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir roles na resolución de tarefas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver problemas seguindo un plan,		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Resolver unha situación de aprendizaxe sobre o medio ambiente.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Valorar as diferentes estratexias para resolver problemas.		
CA6.6 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar conexións entre os os números romanos aplicando coñecementos e experiencias propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto sistemático e adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9 999 con explicación, comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.</li> <li>- Realización de series ascendentes e descendentes de números de forma manipulativa, simbólica e tecnolóxica (calculadora) a partir dun número dado como introdución ao cálculo mental e a outras operacións, con valoración do erro como unha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais.</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 9 999 e redondeo en problemas cotiás mediante estratexias diversificadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Sentido das operacións</li> <li>- Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.</li> <li>- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.</li> <li>- Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.</li> <li>- Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.</li> <li>- Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.</li> <li>- Relacións</li> <li>- Sistema de numeración de base dez para a comprensión do valor posicional das cifras dos números ata o 9 999, as súas equivalencias e a súa aplicación nas relacións que xera nas operacións.</li> <li>- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiás.</li> <li>- Magnitude</li> </ul>

## Contidos

- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
- Comparación entre expresións que inclúan obxectos, números, operacións e as súas propiedades, con explicación das relacións de igualdade e desigualdade no contexto cotián e uso adecuado da simboloxía ( $=$ ,  $?$ ,  $>$ ,
- A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Organización e análise de datos
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Os enigmas, adiviñas, procuras de pistas, xeroglíficos, codificación, pasatempos e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.

UD	Título da UD	Duración
3	¿Vamos de excursión?	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Recoñecer os tipos de rectas. Identificar os ángulos e a súa tipoloxía. Realizar simetrías.	PE	50
CA4.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar a relación que hai entre os datos dun problema mediante unha operación básica.		
CA4.7 - Empregar ferramentas tecnolóxicas adecuadas no proceso de resolución de problemas.	Diseñar mapas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Realizar con éxito as simetrías.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Ser capaz de inventar percorridos para realizar nun mapa.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Aplicar a multiplicación á resolución de situacións problemáticas da vida cotiá		
CA6.5 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Analizar diferentes tipos de rectas. Analizar diferentes tipos de ángulos.	TI	50
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Identificar rectas nos elementos da aula.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir roles na resolución de tarefas e problemas.		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver problemas aplicando sumas e restas.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar un mapa da vila de Quiroga.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Valorar as diferentes estratexias para a resolución de problemas.		
CA5.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na resolución dun problema aplicando o vocabulario específico das operacións matemáticas básicas		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema utilizando unha linguaxe matemática sinxela		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Sentido das operacións
- Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.
- Construción manipulativa, gráfica e simbólica das táboas de multiplicar con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental.
- Relacións
- Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiáns.
- Medición
- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxo analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (lados, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.
- Movementos e transformacións
- Identificación de figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá.
- Xeración de figuras a partir de simetrías dun patrón inicial.
- Padróns
- Estratexias para a identificación, descrição verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
- Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
- A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou compleción de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Organización e análise de datos
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.</li> <li>- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.</li> <li>- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Una tarde en casa.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Utilizar os algoritmos de cálculo da multiplicación na resolución de situacións problemáticas.	PE	45
CA1.6 - Analizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma pautada.	Aplicar as propiedades das operacións na resolución de exercicios con números naturais.		
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Aplicar o vocabulario propio da multiplicación na resolución das actividades.		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver problemas mediante sumas/ restas/ multiplicacións.		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Traducir unha situación problemática da vida cotiá a unha multiplicación.		
CA5.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Interpretar, de forma gráfica, problemas da vida cotiá que impliquen a realización dunha multiplicación		
CA5.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Aproximar multiplicacións.		
CA5.5 - Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Propor multiplicacións, sen levar, que resolvan a situación problemática proposta.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ter unha actitude positiva ante retos matemáticos, amosando esforzo e valorando o erro como oportunidade de aprendizaxe	TI	55
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Resolver unha situación de aprendizaxe empregando multiplicacións.		
CA1.4 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Concentrarse naquelas situacións nas que é máis fácil equivocarse.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir roles na resolución de problemas.		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Valorar as estratexias para a resolución dun problema.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Identificar os datos necesarios para a elaboración dun problema.		
CA4.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na realización da proba da multiplicación		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar en actividades cooperativas relacionadas coa multiplicación		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Adquirir o vocabulario específico da unidade e recoñecelo en diferentes situacións		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto sistemático e adaptación do cálculo ao tamaño dos números a partir da manipulación e representación en situacións variadas e cotiás con cantidades ata o 9 999 con explicación,</li> </ul>



## Contidos

- comparación e reflexión sobre as estratexias e os procesos seguidos.
- Cantidade
- Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais.
- Sentido das operacións
  - Estratexias de cálculo mental para resolver operacións de suma, resta, multiplicación (dobre, tripla) e división (metade, terzo) en situacións habituais e significativas, con explicación dos procesos seguidos, aceptación dos erros como unha oportunidade de aprendizaxe e como recurso para evitar a frustración.
  - Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a comprensión da utilidade das sumas, restas e multiplicacións, seguindo os procesos adecuados.
  - Procesos na resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, formulación de hipótese de resolución e proposta de plan, contraste de puntos de vista, simbolización, elaboración e expresión da solución, verificación e interpretación en contexto dos resultados obtidos, expresión de forma ordenada e nas unidades correctas con explicitación do proceso seguido.
  - Formulación de problemas que se resolvan con sumas, restas ou multiplicacións baseados en situacións familiares e cotiás.
  - Estratexias e ferramentas de resolución de sumas, restas e multiplicacións de números naturais resoltas con flexibilidade e sentido en situacións contextualizadas: propiedades das operacións.
  - Construción manipulativa, gráfica e simbólica das táboas de multiplicar con base no número de veces, suma repetida ou disposición en cuadrículas para facilitar o cálculo mental.
  - Uso de calculadora como recurso para verificar os resultados de operacións realizadas en problemas, unha vez establecida a idoneidade do proceso.
- Relacións
  - Estratexias manipulativas e gráficas para establecer relacións entre a suma e a resta, e entre a suma e a multiplicación: aplicación en contextos cotiás.
- Medición
  - Estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
  - Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, policubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
- Patróns
  - Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- Modelo matemático
  - Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.
- Relacións e funcións
  - A igualdade como expresión dunha relación de equivalencia entre dous elementos, obtención de datos sinxelos descoñecidos (representados por medio dun símbolo) ou completión de datos en relacións de igualdade en xogos e retos matemáticos, con persistencia na obtención, contraste e comprobación de que o dato obtido é correcto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pensamento computacional</li> <li>- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.</li> <li>- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.</li> <li>- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.</li> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.</li> <li>- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Una fiesta de cumpleaños.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Efectuar estimacións de produtos con datos da súa vida cotiá.	PE	55
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver problemas mediante a suma/resta/multiplicación.		
CA4.4 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver situacións problemáticas utilizando a multiplicación.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar imaxes da vida cotiá onde recoñezan masas e capacidades.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Recoñecer e representar diferentes unidades de capacidade e de masa.		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ter unha actitude positiva ante retos matemáticos, amosando esforzo e valorando o erro como oportunidade de aprendizaxe	TI	35
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir roles na repartición de tarefas.		
CA3.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Valorar as estratexias para a resolución de problemas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Establecer relacións entre unidades de masa e capacidade.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Respectar a diversidade do grupo, establecendo relacións saudables na resolución pacífica de conflitos.		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar constancia no traballo en grupo valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe para todos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacións</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos elementos do medio (lonxitude, masa, capacidade, temperatura e tempos) mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.</li> <li>- Medición             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para realizar medicións con instrumentos e unidades non convencionais (repetición dunha unidade, uso de cuadrículas e materiais manipulativos) e convencionais.</li> <li>- Resolución de problemas, de forma individual e en equipo, que impliquen a realización de medicións convencionais e non convencionais no contexto escolar: selección e uso do instrumento adecuado (regra, cinta métrica, balanzas, reloxo analóxico e dixital), elección das unidades máis apropiadas, medición con precisión, contraste dos resultados e expresión correcta das unidades, con control e explicación do proceso seguido.</li> </ul> </li> <li>- Estimación e relacións             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Experimentación, comparación, ordenación, composición, descomposición e expresión das equivalencias entre quilo, medio quilo e cuarto quilo ou entre litro, medio litro e cuarto litro.</li> <li>- Estratexias de comparación e ordenación de medidas da mesma magnitude (km, m, cm, mm; kg, g; l, mes, semana, día, hora, minuto) e aplicación de equivalencias entre unidades para resolver problemas da vida cotiá de maneira individual e en equipo que impliquen a conversión en unidades máis pequenas.</li> <li>- Estratexias de estimación de medidas (de lonxitude, masa, capacidade, tempo e temperatura) por comparación con unidades de medida coñecidas convencionais e non convencionais para aplicar en contextos habituais, con contraste dos resultados e análises da desviación como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Utilización das medidas de tempo (minutos e segundos) na planificación do traballo, no relato das experiencias persoais e na xestión das emocións: tempo de espera, tempo de calma, quendas de intervención.</li> </ul> </li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (ladros, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.</li> <li>- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, polígonos, bloques xeométricos, orgánicos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos</li> </ul> </li> </ul>

## Contidos

- con explicación do proceso.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso.
- Localización e sistemas de representación.
- Interpretación, descrición e representación da posición relativa de obxectos no espazo con vocabulario xeométrico adecuado (paralelo, perpendicular, oblicuo, dereita, esquerda).
- Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos de obxectos e outros elementos do contexto, con relación a un mesmo ou a outros puntos de referencia con vocabulario xeométrico adecuado.
- Interpretación, descrición e elaboración de itinerarios en planos e maquetas sinxelas en soportes físicos a partir do espazo vivenciado e representación con estratexias persoais e contrastadas en equipo.
- Movementos e transformacións
- Identificación de figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá.
- Xeración de figuras a partir de simetrías dun patrón inicial.
- Modelo matemático
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Organización e análise de datos
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.

UD	Título da UD	Duración
11	iTe invitamos a la fiesta!	12

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos na solución dun problema no que haxa que averiguar a hora.	PE	50
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver problemas mediante sumas, restas, multiplicacións e divisións.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as horas nun reloxo analóxico. Recoñecer as monedas e os billetes.		
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Representar as horas.		
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar equivalencias entre as unidades de tempo.		
CA3.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo un vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe	Utilizar as unidades de tempo axeitadas para resolver situacións problemáticas relacionadas co tema.		
CA3.8 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar os pasos seguidos paara a resolución dun problema que impliquen o diñeiro.		
CA5.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Resolver diferentes actividades utilizando os coñecementos adquiridos sobre as unidades de tempo e o diñeiro.		
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Utilizar e asociar correctamente o vocabulario específico da unidade		
CA1.2 - Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas.	Interpretar de forma gráfica as horas.	TI	50
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer as horas nun reloxo analóxico e dixital do centro. Recoñecer as monedas e os billetes a través de xogos.		
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir roles na resolución de problemas.		
CA3.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Ser cooperativo dentro dun grupo ou equipo de traballo		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Valorar as diferentes estratexias para a resolución de problemas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Localizar diferentes cantidades en contextos cotiás		
CA4.6 - Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional.	Automatizar situacións da vida cotiá que se realicen paso a paso		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a constancia		
CA6.4 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Respectar as responsabilidades individuais asignadas dentro dun grupo ou equipo de traballo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacións</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.</li> <li>- Lectura da hora en reloxos analóxicos e dixitais de forma contextualizada para planificar, regular, coñecer a duración, inicio ou finalización dun suceso.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (ladros, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.</li> <li>- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, políedros, bloques xeométricos, orgánicos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.</li> <li>- Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica</li> <li>- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.</li> <li>- Recoñecemento de relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.</li> <li>- Modelo matemático</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pensamento computacional</li> <li>- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.</li> <li>- Organización e análise de datos</li> <li>- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.</li> <li>- Crenzas, actitudes e emocións</li> <li>- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.</li> <li>- Realización de investigacións matemáticas individuais e en equipo como estratexia para fomentar a curiosidade, o interese e a iniciativa na súa aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade</li> <li>- Estratexias guiadas de planificación, control e organización do traballo en equipos para xestionar o tempo, a realización das tarefas, a repartición equitativa e rotatorio de roles en interacción simultánea.</li> <li>- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Una función de titeres.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer no contorno figuras de corpos xeométricos	PE	60
CA1.9 - Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos.	Explicar a diferenza entre prismas e pirámides		
CA2.3 - Obter posibles solucións dun problema seguindo algunha estratexia coñecida.	Resolver problemas mediante sumas, restas, multiplicacións e divisións.		
CA3.2 - Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada.	Reproducir no caderno diferentes figuras xeométricas		
CA3.5 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer semellanzas entre prismas e pirámides		
CA3.6 - Interpretar situacións en contextos diversos, recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Interpretar e nomear diferentes clases de prismas		
CA4.8 - Realizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Recoñecer e nomear diferentes clases de pirámides		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.7 - Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe.	Adquirir o vocabulario propio da unidade e utilízalo en diferentes situacións		
CA1.1 - Elixir actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Ter unha actitude positiva ante retos matemáticos, amosando esforzo e valorando o erro como oportunidade de aprendizaxe	TI	40
CA2.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir roles na resolución de problemas.		
CA2.6 - Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.	Recoñecer os corpos xeométricos nuns títeres.		
CA3.1 - Participar na repartición de tarefas, asumindo e respectando as responsabilidades individuais asignadas e empregando estratexias cooperativas sinxelas de traballo en equipo dirixidas á consecución de obxectivos compartidos.	Asumir responsabilidades individuais dentro do traballo en equipo		
CA3.3 - Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada.	Valorar as estratexias para a resolución de problemas.		
CA5.1 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo		
CA6.2 - Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Mostrar actitudes positivas ante novos retos matemáticos		
CA6.3 - Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente, respectando a diversidade do grupo e establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Traballar en equipo activa e respectuosamente comunicándose adecuadamente establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relacións</li> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación, ordenación, clasificación e uso das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día, hora e minuto) en situacións cotiás e da contorna, con determinación da duración dos períodos de tempo e a medida máis adecuada.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Interpretación e elaboración de mensaxes e descrições que supoñan a identificación e clasificación de figuras</li> </ul>



## Contidos

- xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos), dos seus elementos (ladros, vértices, ángulos) e propiedades en obxectos e imaxes da súa contorna.
- Identificación e clasificación de corpos xeométricos (cubos, prismas e pirámides) en obxectos e imaxes da súa contorna, explicación do proceso seguido e demostrando curiosidade por descubrir relacións.
- Exploración individual e en equipo de propiedades de figuras xeométricas de dúas e tres dimensións mediante materiais manipulables (cuadrículas, xeoplanos, polícubos, bloques xeométricos, organicubos, katamino, crebacabezas xeométricos, tangram) para buscar regularidades, comparalas e clasificalas con criterios sinxelos con explicación do proceso.
- Estratexias e técnicas de construción de figuras xeométricas de dúas dimensións por composición e descomposición, mediante materiais manipulables e a regra, con explicación do proceso.
- Localización e sistemas de representación.
- Interpretación, descrición e representación da posición relativa de obxectos no espazo con vocabulario xeométrico adecuado (paralelo, perpendicular, oblicuo, dereita, esquerda).
- Descrición verbal e interpretación de información sobre movementos de obxectos e outros elementos do contexto, con relación a un mesmo ou a outros puntos de referencia con vocabulario xeométrico adecuado.
- Interpretación, descrición e elaboración de itinerarios en planos e maquetas sinxelas en soportes físicos a partir do espazo vivenciado e representación con estratexias persoais e contrastadas en equipo.
- Movementos e transformacións
- Identificación de figuras mediante simetrías en situacións da vida cotiá.
- Xeración de figuras a partir de simetrías dun patrón inicial.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Resolución e formulación de problemas da vida cotiá que impliquen o uso de estratexias variadas para o cálculo de perímetros de figuras planas, contraste de estratexias e resultados.
- Recoñecemento de relacións xeométricas na linguaxe oral e escrita, contextos lúdicos, artísticos, científicos, técnicos e en calquera outro ámbito da vida cotiá.
- Padróns
- Estratexias para a identificación, descrición verbal, representación e predición razoada de termos a partir das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes con anticipación ou extensión da secuencia.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) mediante estratexias sinxelas persoais ou modeladas.
- Organización e análise de datos
- Formulación en equipo, a partir de modelos, de problemas relacionados co contexto próximo nos que interveña a lectura, interpretación ou representación de gráficas e táboas de datos.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Recursos e estratexias para regular ou tolerar a frustración ante tarefas matemáticas: recoñecemento das emocións implicadas e a súa expresión, relaxación para rebaixar a intensidade desas emocións, fixación de metas e obxectivos realistas e conseguibles, autocontrol e adestramento positivo.
- Desenvolvemento da autonomía e coñecemento de estratexias para a toma de decisións en situacións de resolución de problemas: ofrecendo alternativas, resolvendo retos, estimulando o razoamento e reforzando os logros.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.



## Contidos

- Presentación limpa, clara e ordenada do traballo matemático que permita revisar e compartir o realizado.
- Traballo en equipos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación de actitudes non inclusivas e discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas en equipo, cunha actitude crítica cara a estas, ademais de sensibilidade e respecto polas diferenzas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos para clarificar tarefas, debater propostas, chegar a acordos, contrastar opcións, revisar e analizar producións: escoita e participación activa, responsabilidade individual, interdependencia positiva, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Recoñecemento e comprensión das emocións e experiencias das e dos demais ante as matemáticas.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. En cada sesión, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, establecerase unha rutina que permitirá desenvolver no alumnado a automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa e a aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, buscando o silencio e a recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal, tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en parellas ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes. Así, partiremos dos coñecementos previos do alumnado así como do seu contexto máis próximo. Teremos en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe. Todo isto sen esquecermos de potenciar as metodoloxías activas: combinar traballo individual e cooperativo, aprendizaxe por proxectos, enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas, uso habitual de dispositivos e recursos dixitais para levar a cabo as tarefas encomendadas, ligazóns de interese relacionadas coa materia, papel facilitador do docente e a lectura como facotro fundamental para o desenvolvemento das competencias clave.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais impresos: libro de texto, caderno de actividades, fichas de reforzo/ampliación.
Materiais manipulativos: bingó de operacións, cartas de sumas e restas, tarxetas coas táboas de multiplicar, dados de operacións, dominó, regra, escuadra, cartabón e transportador de ángulos.
Materiais tecnolóxicos: dez mini portátiles, ordenador, altofalantes e panel dixital.
Recursos dixitais: aula virtual do centro e da editorial Santillana, vídeos educativos, libros dixitais e aplicación ABALAR móbil.

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicalo no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos/as, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real do presente curso escolar. Tamén se requerirá información que se considere de especial interese, ao equipo docente do curso anterior, información que ampliará e complementará a obtida polos medios anteriormente descritos.

A avaliación inicial levarase a cabo ao longo da primeira semana do inicio do curso e servirá para poder establecer uns criterios claros e concisos do nivel mínimo da clase en xeral, de cada alumno/a en particular e para informar sobre as dificultades que se detectan a nivel de necesidades de intervención do profesorado especialista en AL, PT, da que se dará cumprida información na Reunión de Avaliación que se realizará no centro.

Neste senso cómpre ter en conta tamén os informes individualizados do alumnado de nova incorporación ao centro, xa que son a única referencia previa dispoñible.

As probas de avaliación inicial consistirán nunha ficha para respostar de xeito escrito e comprobar os coñecementos de cada unha das materias correspondentes ao curso anterior. A partir do conxunto de datos obtidos das probas anteriormente citadas, comunicarase ao DO e ao equipo docente, as medidas que xa se poden ir tomando na aula (reforzos e/ou atención individualizada) e de ser posible e/ou necesario convir o modo de intervención máis eficaz daquelas posibles dificultades detectadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional. Estas necesidades quedan reflectidas nun documento que a titora entrega na Reunión de Avaliación anteriormente citada e que se celebrará o luns 25 de setembro.

Asimesmo, debemos sinalar que os resultados da avaliación inicial comunicámoslles de xeito individual a cada unha das familias e a persoa titora cumprimentará os resultados na aplicación XADE.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>6</b>
<b>Proba escrita</b>	50	65	50	45	55	55	65	60	70	65
<b>Táboa de indicadores</b>	50	35	50	55	45	45	35	40	30	35

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	60	<b>57</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	40	<b>43</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das UD que compoñen o trimestre. Para calificar cada UD utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Asimemos na última sesión de cada UD haberá unha proba escrita, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente e na que se incluírán os contidos relacionados cos criterios de avaliación da UD que se cualifican con proba escrita.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as 4 UD, obterase a media das catro e darán a nota da avaliación.

O 100% da nota da avaliación final obterase coa media ponderada das 3 avaliacións da seguinte forma: 1ª avaliación (40%), 2ª avaliación (36%) e 3ª avaliación (24%).

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para atender a diversidade apoiáramonos na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así pois, porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade. Deste xeito, no grupo de 3º de educación primaria adoptaremos as seguintes medidas ordinarias para dar resposta as necesidades do noso alumnado: adaptaremos tempos e instrumentos de avaliación, faremos reforzo educativo, recibiremos apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria.

Do mesmo xeito, de ser insuficientes as ordinarias poremos en marcha as seguintes medidas extraordinarias: apoios do profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

Asimesmo, proporcionaremos variedade de formas de representación dos contidos, por medio de imaxes, audios e vídeos; implicaremos aos discentes no seu aprendizaxe por medio de actividades que sexan relevantes para a vida cotiá dos alumnos/as e fomentaremos o traballo cooperativo na aula que entendan que traballar xuntos lles leva a conseguir un obxectivo, favorecendo así a integración de estratexias de deseño universal de aprendizaxe.

No caso de que ao longo do curso algún discente teña dificultade para asistir ao centro por causas debidamente xustificadas empregaremos a aula virtual do centro, colgando as tarefas que imos facendo na clase e outras actividades de reforzo/ampliación. A maiores, as familias poderán vir ao centro a recoller os materiais que precisen para a realización das tarefas durante os días que estén na casa. Todo isto acompañado da comunicación coa familia a través de ABALAR ou do correo corporativo da XUNTA.

Por último, non nos podemos esquecer que na aula de terceiro teremos en conta o protocolo de absentismo no caso de que un alumnado falte máis do 10% do horario lectivo mensual, o protocolo de protección de datos así como o

protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.3 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais enumerados anteriormente, traballaranse tanto nas UD relacionadas co seu contido, como a través das diferentes actividades que se desenvolvan ao longo do curso. O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a comprensión lectora ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados máis especificamente en unidades didácticas en concreto.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta literaria en Quiroga	1º trimestre do curso. Saída do centro escolar camiñando para a realización da ruta literaria sobre autores vinculados con Quiroga.	X		
Obradoiro matemático	2º trimestre do curso. Obradoiro de matemáticas divertidas.		X	
Obradoiro de xogos matemáticos	3º trimestre do curso. Obradoiro de xogos matemáticos na biblioteca do centro.			X

### Observacións:

"Ruta literaria" Esta actividade realizarase no mes de novembro co fin de afondar na historia da vila a través de sete escritores. O percorrido realizáremolo camiñando acompañados dun guía do concello. Precisaremos un dispositivo móbil que nos descifre os códigos QR para escoitar grabacións de fragmentos da obra dos autores. Esta actividade relaciónámola coa área de matemáticas C1.2.1 - Identificación, lectura e escritura de números naturais ata o 9 999 en textos e contextos familiares e habituais posto que na rota abordaremos datos relacionadas con momentos relevantes dos autores.

"Obradoiro matemático" Esta actividade realizáremola no 2º trimestre do curso coa colaboración da mestra de pedagogía terapéutica que nos achegará as matemáticas e concretamente a medida de xeito lúdico e motivador para os alumnos/as. Así pois, traballaremos o seguinte contido C2.1.2 - Recoñecemento de unidades non convencionais e convencionais (km, m, cm, mm; kg, g; l) para realizar medicións adecuadas en situacións cotiás.

"Obradoiro de xogos matemáticos". Esta actividade realizáremola no 3º trimestre na biblioteca do centro. Achegarémolle unha serie de xogos matemáticos como bingo de sumas, memory de operacións e xogos de cartas que lles servirán para afianzar os contidos matemáticos ao mesmo tempo que se divirten. Así, traballaremos o seguinte contido da área: C4. 2.1 Resolución de problemas da vida cotiá a partir dun proceso pautado de modelización con debuxos, esquemas, diagramas, manipulables, dramatizacións, guión de preguntas para interpretar o enunciado, recoñecer os datos útiles, elaborar e contrastar hipóteses, buscar o plan de acción, perseverar na solución, simbolizar e realizar os cálculos, comprobar solucións e expresar clara e correctamente o resultado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Metodoloxía empregada
Consegiuse motivar ao alumnado?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Medidas de atención á diversidade
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?

### Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, así como Orde do 26 de mayo de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155 recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. Os instrumentos de avaliación serán táboas de indicadores nas que estarán recollidos os ítems anteriormente descritos. A temporalización desta avaliación será mensual nas reunións do equipo do 2º ciclo e trimestral na reunión de avaliación de 3º de Educación Primaria.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a realización do seguimento da programación empregaremos unha táboa cuns indicadores de logro que valoraremos de 1-4 atendendo ás seguintes cuestións.

- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- Vinculouse cada contido a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

Asimesmo, o seguimento da programación realizarase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS. Dita información trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo do 2º ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

## 9. Outros apartados